



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL Nº 10, **REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DO SUBSOLO,** **SOLO E VOO DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL.**

Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 131.2 e 142 da Constitución e polo artigo 105 da Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das Bases de Reximen Local, e de acordo co disposto nos artigos 15 ó 19 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por ocupación de subsolo, solo e voo de terreos de uso público local, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, aténdose as súas normas ó previsto no artigo 20 -apartado 1, letra A),- e no artigo 58 da xa citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou os aproveitamentos especiais constituídos pola ocupación do subsolo, solo e voo de terreos de uso público local.

Artigo 3º.- Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que resulten autorizadas para efectua-los aproveitamentos e as que resulten beneficiadas por ditos aproveitamentos, incluso cando non obtivesen previa autorización.

Artigo 4º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravamen.

1.- As bases de imposición e tipos de gravame son os comprendidos nas seguintes tarifas:

Tarifa primeira: Palomillas, transformadores, caixas de amarre, distribución e rexistro, cables, rieles, tuberías e outros análogos:

- Palomillas para suxeitar cables, cada unha, 0,18 €.
- Caixas de amarre, distribución e rexistro, cada unha, 6 € .
- Cables de alimentación ou conducción de enerxía eléctrica, por metro lineal ou fracción: 0,03 €.

- Conducción telefónica aérea, adosada ou non a fachadas, por cada metro lineal ou fracción: 0,03 €.
- Ocupación de vía pública con tuberías para a conducción de auga, por cada metro lineal ou fracción: 0,06 €.

Tarifa segunda: Postes:

- Postes de calquera material, cada un: 3 €.; a Alcaldía poderá conceder bonificacións de ata o 50% do importe desta tarifa cando os postes instalados por particulares con outros fins sexan ó mesmo tempo utilizados pos algún servicio municipal.

Tarifa terceira: Básculas, aparellos ou máquinas automáticas:

- Por cada báscula: 30 €.
- Cabinas fotográficas, por cada metro ou fracción: 6 €.
- Aparellos ou máquinas de venda ou expedición automática de calquera produto ou servicio, non especificado noutros epígrafes: 30 €.

Tarifa cuarta: Aparellos surtidores de combustibles e análogos:

- Ocupación da vía pública ou terreos municipais con aparellos surtidores de combustibles, por cada metro cadrado ou fracción: 0,60 €.
- Ocupación do subsolo das vías públicas con depósitos de combustibles, por cada metro cúbico ou fracción: 1,20 €.

2.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

3.- Maila o anterior, para as empresas explotadoras de servicios de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a contía de Taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal ditas Empresas.

A contía da Taxa que poidera corresponder a "Telefónica S.A." está englobada na compensación en metálico a que se refiere o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo.

Artigo 6º.- Exencións.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial polos aproveitamentos inherentes ós servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e por tódolos que inmediatamente interesen á seguridades cidadán ou á defensa nacional.

Aparte do anterior, non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa, agás as previstas en normas con rango de lei ou as derivadas de aplicación dos tratados internacionais, resultando de aplicación, en todo caso, canto se dispón co artigo 9 da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Artigo 7º.- Período impositivo e devengo.

Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie o aproveitamento.

Artigo 8º.- Normas de xestión.

1.- As cantidades esixibles con arreglo ás Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período autorizado.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refiere o artigo 9º seguinte e formular declaración na que conste a superficie de aproveitamento, á que se axuntará un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

3.- Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias cas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha

vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4.- Os aproveitamentos autorizaranse sempre discrecionalmente e sen prexuízo de terceiros.

5.- En caso de denegarse as autorizacións ou cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o dereito á utilización ou o aproveitamento do dominio público non se realice, procederá a devolución do importe correspondente.

6.- Non se consentirá a ocupación de vía pública ata que non se teña aboado o depósito previo a que refire o artigo 9º seguinte e se obteña a correspondente licenzia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenzia sen perxuízo do pago da Taxa e das sancións e recargos que procedan.

7.- As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario. En base a esta declaración, que deberá facerse constar nos correspondentes acordos de concesión de aquelas, se o interés xeral esixise a supresión do aproveitamento, a Comisión de Goberno revogará a licenzia concedida, requirindo ó titular para que suprima, a súa custa, o aproveitamento.

8.- No acordo de autorización da ocupación fíxase o prazo de duración da mesma, farase constar que dito prazo será improrrogable, e que unha vez rematado o mesmo o interesado deberá suprimi-lo aproveitamento, agás, cando por causa xustificada alegada polo interesado, a ocupación tivese que seguir por máis tempo do sinalado na autorización, suposto no que aquel solicitará a ampliación do prazo de duración do aproveitamento e realizará o depósito previo do importe da liquidación que proceda. Tal ampliación será aprobada pola Comisión de Goberno.

9.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subalugadas a terceiros. O incumprimento deste mandado dará lugar á anulación da licenzia.

10.- As licenzias poderán ser revogadas polo órgano que as concedeu nos seguintes casos:

a) Polo non uso ou uso indebido.

b) Por cambia-las circunstancias en base ás que se concedeu a licenzia.

c) En xeral, por incumprimento de calquera das obrigas impostas nesta Ordenanza ou na licenzia de autorización.

Artigo 9º.- Liquidación e recadación.

1.- O pago das tarifas da Taxa realizarase:

a) Tratándose de concesión de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde estableza o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licenzia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, consonte co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificada pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenzia correspondente.

b) Cando se liquide polo Concello en caso de aproveitamentos non autorizados, unha vez aprobada a liquidación pola Comisión Municipal de Goberno, é notificada a mesma ó interesado. Na notificación consignaranse os medios de impugnación que poidan interpoñerse contra a liquidación e órganos ante os que teran que ser interpostos e así mesmo o período voluntario de cobro e cando quedará incurso en apremio a cota non satisfeita dentro dquel período.

O período voluntario de ingreso da liquidación será:

-Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

-Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen terse efectuado o ingreso, o período executivo iníciase o día seguinte ó remate de aquel.

O inicio do período executivo determina o devengo dun recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondente a ésta.

Este recargo será do 10 por 100 cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento, e non se esixirán os intereses de demora devengados dende o inicio do período executivo.

Dita liquidación efectuarase por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde estableza o Concello.

Artigo 10º.- Gastos de reconstrucción e indemnizacións.

1.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial que se conceda leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o suxeito pasivo, sen prexuízo do pago da Taxa a que houbere lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

2.- Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada con contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

3.- O Concello de San Sadurniño non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente artigo.

Artigo 11º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarse ó previsto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.